

1. CONVENIO CO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

De acordo co convenio que se asinará proximamente co Concello de Santiago de Compostela para o ano 2017, o Colexio vai poñer en funcionamento os seguintes servizos:

1. Asistencia e asesoramento xurídico na vía previa administrativa e laboral (recursos de alzada, alegacións etc.).
2. Asistencia, asesoramento xurídico e mediación en conflitos de convivencia veciñal e en materia de prevención de desafiuzamentos.

1. Vía previa administrativa e laboral

Por medio deste servizo prestarase asesoramento á veciñanza de Santiago de Compostela para presentar recursos de alzada ou alegacións nas vías laboral ou administrativa naqueles procedementos que non estean cubertos pola quenda de oficio.

As designacións realizaranse a partir da lista de letrados de anos anteriores.

Xustificación e pagamento:

- Unha vez realizado o servizo, coa formalización do recurso ou das alegacións correspondentes, este poderá facturarse ante o colexio achegando canda a factura unha copia do escrito presentado.
- Por cada escrito aboarase unha cantidade de 116 euros (ao que se engadirán o IVE e a retención correspondentes).

2. Lista específica de asesoramento en materia de mediación en conflitos de convivencia veciñal e prevención de desafiuzamentos

Crearase unha lista especial de letrados para prestar este servizo, que se prestará os martes e os mércores en horario de mañá (de 10.00 a 14.00 h) nas oficinas da casa das asociacións que o Concello ten en Salgueiriños (ao lado do edificio da UMAD) xunto cun psicólogo/a que será designado/a polo Colexio de Psicoloxía.

Designarase un letrado/a para cada día (martes e mércores), que se encargará de prestar o dito servizo de asesoramento previo e as posibles mediacións derivadas dese día.

Retribución:

- Pola asistencia prestada cada día, aboarase unha cantidade de 165 euros (ao que se engadirán o IVE e mais a retención correspondentes).
- Por cada xornada de mediación posterior, derivada do día en que se prestou a asistencia, aboaranse 20 euros por hora, ata un máximo de 3 horas.

Requisitos para solicitar a incorporación a esta lista:

- Ser letrado/a exercente residente do ICA de Santiago
- Estar dado/a de alta nas dúas listas de mediación civil e asesoramento en materia de desafiuzamentos.

Prazo:

- As solicitudes de incorporación a esta lista deberánse presentar por escrito ante o Colexio de Avogados **antes do 2 de maio ás 14.00 h.**

- A data de inicio do servizo será o **16 de maio**. Realizarase un sorteo entre os letrados inscritos para establecer a orde en que se prestarán as asistencias.

Para calquera aclaración en relación con estes servizos, poderase contactar co secretario técnico do Colexio, Manuel Arza.

2. RECORDATORIO DE PRÓXIMAS XORNADAS

1. Xornada: “As cláusulas chan: defensa xurídica dos afectados polas cláusulas chan e gastos hipotecarios” (04.05.2017)

Día: xoves, 4 de maio

Hora: 18.00 h (adiantouse unha hora)

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Custo: gratuíta para colexiados do ICA de Santiago; 50 € demais persoas interesadas

Inscripción: sen inscrición previa para colexiados do ICA de Santiago; inscrición e aboamento do custo para demais persoas interesadas

Relator: Eugenio Ribón Seisdedos, avogado exercente do ICA de Madrid e experto en protección do consumidor e o usuario; responsable do Reino de España no Grupo Europeo Consultivo de Consumidores da UE e árbitro da Xunta Nacional de Arbitraje e Consumo.

2. Xornada: “Garda e custodia compartida: doutrina e xurisprudencia actual do TS” (12.05.2017)

Día: venres, 12 de maio

Hora: 11.00 h

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Custo: gratuíta para colexiados do ICA de Santiago; 50 € demais persoas interesadas

Inscripción: sen inscrición previa para colexiados do ICA de Santiago; inscrición e aboamento do custo para demais persoas interesadas

Relator: José Antonio Seijas Quintana, maxistrado da Sala 1ª do TS